

Rosa Aneiros

Álvaro Cunhal pediume que fose fiel á memoria da resistencia portuguesa

CARME VIDAL

Rosa Aneiros (Taraza, Meirás, 1976) non pode ocultar o entusiasmo cando fala da súa última novela *Resistencia*. Apaixonaxe coa historia que relata, coas vidas que sufriron a opresión por se opoñer a ditadura de Salazar e refírese ás personaxes que constrúen a obra como a persoas reais, só que é ela a que lles deu vida. Xornalista e escritora, Rosa Aneiros asegura que nunca escribiu tan apegada á realidade, coa intención de respectar a memoria de todos os resistentes, como lle pediu o propio Álvaro Cunhal. Autora da novela *Eu de maior quero ser* e do libro de relatos *Corazóns amolecidos en salitre*, con *Resistencia* ofrécenos unha novela longa, lineal na súa estrutura e cun punto de vista narrativo que garda o regusto das novelas clásicas.



A. FARIAS

¿Por que decidiu escribir unha novela sobre a resistencia portuguesa á ditadura de Salazar?

Nunha viaxe a Portugal visitei o cárcere de Peniche que está recreado no libro. Ali abriron un museo no que se reconstrúe a cadea e se gardan lembranzas dos reclusos e da represión daquel tempo. Móstranse, por exemplo, os documentos que proban como se controlaban aos visitantes que chegaban a ver os seus presos. Sorprendeume que se expuxeran coa propia sinatura dos gardas que facían ese seguimento. Non pasou tanto tempo e moitos deles estarán anida vivos e pensei que iso non pasaría nunca aquí. De repente nunha sala puíden ver os contos que o preso Dinis Miranda lle escribiu ás súas filias canvas. Nunca chegaron ás destinatarias porque non permitiron que saíran da carlea. Era militante do Partido Comunista e pensaron que podían contar mensaxes secretas. Impresionoume a capacidade de terror que aquel rexime impuña. Os gardas estaban adestrados pola Gestapo e moita xente pasou vinte anos incomunicada. Partín dese espazo e fui para atrás na historia á hora de construír a novela.

Sorprende a documentación empregada, por exemplo, as descrições de San Pedro de Moel.

Comentei o tema co escritor portugués Jorge Marmelo e el díciame que non escribiría sobre iso porque lle quedaba demasiado cerca. O Pinhal do Rei, que é un dos espazos da novela, impactoume. Son máis de once mil hectareas de piñeiro para producir madeira coa que se construíron as naos. Imaxino que ao ser unha mirada de fóra percibes cousas que aos que son de ali non se lles tería ocorrido. A novela, en maior ou menor medida, respecta a realidade. Por exemplo, no 1939 houbo unha revolta obreira na fábrica de cristal. Na novela tamén aparece anida que se sitúe anos despois porque hai cousas que necesitei cambiar para ficcionar.

Dous protagonistas dunha forte historia de amor pero tamén moitas personaxes con entidade propia. A ningún deles lle deu o don da felicidade.

Era moi difícil manter unha historia como a de Dinis e Filipa durante tanta distancia sen ter nada máis que contar. A relación entre eles dura moi pouco tempo e logo permanece porque tiveron resistencia e porque crearon eles mesmos a súa historia na cabeza. Busquei que houbera contraste nas personaxes. Impactáronme, por exemplo, a pesar de ser tan distintas Isaura, a nai de Dinis, e Ana Barbosa, a muller lexítima do seu pai. As personaxes eran as que fan pedindo paso, teñen o seu ritmo e flúen ata que xa non serven na narración e é necesario acabar con Blas. En canto á historia de amor, entendo que non hai razóns para ocultar os sentimentos porque casos así e anida máis duros aconteceron. Interesábame, especialmente, a coherencia e a resistencia desas persoas a través dos anos, como a do propio Álvaro Cunhal. Hai momentos en que é a propia

existencia deses outros protagonistas a que che motiva para escribir a novela.

Algunha lectora díciame que a súa novela parecía estar escrita por Isabel Allende. ¿Como ve a comparanza?

Non son capaz de valorala porque me resulta difícil analizar este libro a nivel literario. Bótome a falar de inmediato dos personaxes, como se os coñecese verdadeiramente. Trátase dunha novela escrita por e para a historia, os recursos estilísticos

non tiveron relevancia á hora de contruíla. De feito, cando a relín, quería pasar as primeiras páxinas para chegar á fú do libro. Cústame falar tamén da súa estrutura porque nin sei hoxe como cheguei a escribila. Non empreguei o ordenador, fixeno a man e deixei a última páxina para o día do aniversario de cando saíron da cadea. Para mis foi o mellor proceso creativo que ti ven no sentido de gozar como autora. O esforzo maior non foi a construción da historia que re-

sultou fácil ao ser lineal senón meterme na pel dos personaxes.

¿Sabe Álvaro Cunhal que vostede lle dedica *Resistencia*?

Sabe. Falei nunha manches de ocasión con el. As veces penso o moito que me dá a mis para contar o proceso de elaboración da novela. Por exemplo, ese encontro con Cunhal. Sabía que estivera preso en Peniche e interesábame falar con el para que me contase a súa experiencia. Un día mandei un correo ao PCP e non ti ven resposta ataque tem-

po despois recibía unha chamada telefónica. Díciame o meu interlocutor que el estaba moi vello e retirado da vida política polo que me convidaba a falar con algún dirixente máis novo do partido. Nisto preguntoume se tiña moito interese. Respondín que si, que me tería gustado moito falar con el e foi entón cando a persoa que estaba ao outro lado do teléfono identificouse: era Álvaro Cunhal. Denme un consello que me axudou e que condicionou bastante o proceso creativo. Díxome que era necesario respectar a verdade da xente que vivira todo aquilo, pola súa memoria e a súa historia. En todo momento ti ven moito poder de ficcionar máis.

É dicir, as personaxes non existen pero as situación si.

As situación existen porque me cingín á realidade á hora de contalas. Despois daquel primeiro contacto, Cunhal chamoume moitas veces. Lembro que un día lle preguntei onde estivera preso Galvão, o do Santa María, e el deben pensar que o la meter como personaxe e botouse a herrar: "¿é un fascista, ese non entra! Posiblemente tivera medo de que trabucara os protagonistas. En cena medida dame certo reparo meterme na historia dos portugueses pero aos que leron a novela parecélles que se trataba o tema de xeito adecuado.

Opta por un estilo clásico, unha narración en terceira persoa, omnisciente.

As ferramentas da escrita valéronme na medida en que me permitían contar a historia. Non busquei grandes artificios senón a maneira roais cómoda de contala. Noutros relatos precisas xogar con máis recursos, coa sorpresa de buscar unha ollada distinta. Quería neste caso unha mirada que só dixese que eu xa o sei todo e o único que quero é contalo. Obsesionábame a historia. É certo que hai un punto de vista omnisciente pero tamén que hai elementos que non a fan tan clásica, a pegada xornalística, puño por caso. Percibo máis a presenza do xornalismo nesta novela que noutros traballos literarios meus e coído que é polo propio proceso de documentación. Noutros textos acodes máis á fantasía, neste estou apoiada no real.

O escritor Jiiao de Melo di que para coñecer a historia de Portugal hai que recorrer á literatura ¿é adecuada a súa novela para coñecer a oposición ao salazarismo?

Coincido coa idea. Por exemplo, nada menor que ler a Lobo Antunes para decatarse do que acontecen na guerra de Angola. Nestes casos a prensa non vale, é a literatura a que explica realmente o que é a guerra. Os medios de comunicación presuman de obxectividade e xa nesa afirmación introducen a mentira. A verdade dunha guerra non son as cifras nin as perdas senón o sufrimento da xente. En Lobo Antunes podes saber o que sente un soldado na fronte ou percibir a dor do pobo. Os números Mochan as caras que son as que doen e na literatura entran no valor do sentimento.